

CARTA INFORMATIVA "SOMOS UN COLE ACTIVO E SAUDABLE"

Estimadas familias:

O noso centro educativo está a implementar un **PLAN DE VIDA ACTIVA E SAUDABLE**, enmarcado no Plan PROXECTA, orientado a toda a comunidade educativa, incluíndo as familias. Como centro, somos conscientes de que a actividade física e a adopción dun estilo de vida activa por parte da nosa comunidade educativa é unha das claves para garantir unha mellor calidade de vida, desde a infancia ata a velez. A práctica regular de exercicio físico en nenos/as e adolescentes é un factor clave na prevención e no tratamento do sobrepeso, da obesidade, das enfermidades cardiovasculares, de alteracións psicolóxicas, e a evidencia científica comeza a demostrar que os nenos e nenas fisicamente activos renden mellor academicamente. Por iso pretendemos implantar, dentro da filosofía do centro, o valor de que **somos un centro activo e saudable**.

Un dos aspectos fundamentais para poder avaliar cada ano como este **PLAN DE VIDA ACTIVA E SAUDABLE** mellora a saúde é o de medir o nivel de condición física de cada alumno/a, mediante a valoración de aquelas cualidades físicas e psicomotoras que permiten coñecer e facer o seguimento do seu estado físico, decidir cales son os aspectos que precisan mellorar e deseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.

Por este motivo, o centro vai integrarse na **PLATAFORMA D.A.F.I.S.** (Datos de Actividade Física Saudable) de Galicia, unha iniciativa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a través da Fundación Deporte Galego, incluída dentro do Plan de Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable", e recoñecida no ano 2018 pola Organización Mundial da Saúde - Europa (OMS) como boa práctica para implantar en todos os países do marco europeo.

Na **PLATAFORMA D.A.F.I.S.** recóllense unha serie de medidas antropométricas e resultados de probas físicas que se realizan nas clases de Educación Física, e das que vostede recibirá un informe cos resultados do seu fillo/a, que inclúe a comparativa cos resultados obtidos para o seu grupo de sexo e idade e a evolución da súa condición física e que pode consultar en www.dafis.xunta.es. O tratamento destes datos é confidencial, sendo accesibles exclusivamente polo docente de educación física e polo persoal facultativo e de enfermería do SERGAS. Unha vez que os datos das valoracións que se realizan nos centros educativos galegos participantes son introducidos na **PLATAFORMA D.A.F.I.S.**, a Fundación Deporte Galego, elaborará e fará públicas as estatísticas para cada grupo de idade e sexo en Galicia. A fundación en ningún caso terá acceso individualizado aos datos dos alumnos/as. Estas estatísticas permiten que o profesorado, os pais ou titores e os propios alumnos/as poidan coñecer a comparativa dos seus resultados cos correspondentes á mediana do seu sexo e idade.

Mediante a sinatura do presente documento presto o meu consentimento para:

- A incorporación dos resultados das probas físicas **do alumno/a** na Plataforma DAFIS, a preparación do informe cos resultados e a elaboración das estatísticas da plataforma
- A cesión dos datos ó Sergas para axudar na avaliación da condición física do alumno/a

Estes consentimentos poderán retirarse en calquera momento.

(En todo caso)

Nome e apelidos do/da pai/nai ou

titor/a:

.....

DNI do pai/nai ou titor/a:

.....

Sinatura do/a pai/nai ou titor/a:

(No caso de ter 14 anos ou máis, para a incorporación

dos resultados do alumno en DAFIS, a preparación do informe cos resultados e a elaboración das estatísticas da plataforma, e a cesión de datos ó Sergas, é precisa **adicionalmente** a súa sinatura).

DNI do/a alumno/a:

Sinatura do/da alumno/a:

Localidade e data:, a de de 20....

NO DORSO DESTE DOCUMENTO ATOPARÁ A INFORMACIÓN RELATIVA A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Fundación Deporte Galego
Finalidades do tratamento	Promover un estilo de vida activa e saudable na comunidade educativa mediante a práctica do exercicio físico, medir o nivel de condición física a través da valoración de datos dos alumnos, resultantes de probas físicas que se realizan nas clases de educación física, que permiten facer o seguimento do estado físico da poboación estudantil para deseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión de interese público (Lei 6/2012, do 19 de xuño, de mocidade de Galicia, Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia). Consentimento do interesado
Destinatarios dos datos	SERGAS, para o seguimento da condición física do estudante por parte do persoal facultativo e de enfermaría
Categorías de datos e procedencia	Datos de medición recadados a través de probas físicas que se realizan nas clases de educación física. Os datos identificativos do alumnado e dos seus representantes legais son cedidos pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, e supresión dos seus datos segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos . Os maiores de catorce anos poderán exercitar por si mesmos os dereitos que lles corresponden. As persoas interesadas que consideren vulnerados os seus dereitos poden presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ou con carácter previo ante o delegado de protección de datos, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais